



## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE E CATRO DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E TRES.

**Expediente: 2023/G010/00007**

Valdoviño, 24 de abril de 2023.

Hora: 11:20

Lugar: Salón de Sesións da Casa do Concello

Primeira convocatoria

Celebración sesión extraordinaria con comezo na hora sinalada; para a que se reúnen baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, os/as concelleiros/as:

PsdeG- PSOE:

Rosa Ana García López

Sergio Saavedra Gutiérrez

Benito Manuel Vega Fernández

Alejandro Antonio García Sousa do PsdeG-PSOE.

Germán Gómez Senra

Ana Belén Pérez Fernández

M<sup>o</sup> Pilar Caamaño Vilela

PP:

Javier Bouzamayor Casas

Kristel Testa Ameneiros

CENVAL:

Dolores Bernardina Veiga Doce

Non asisten por causas xustificadas:

Jessica Sabín Fernández, do PSdeG-PSOE

Carlos Alberto Ameneiros Serantes do BNG.

Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota González Navarro.

Abre a sesión o Presidente vista a existencia de quorum, para entrar no debate e votación dos seguintes puntos da Orde do Día:

### **1º.- APROBACIÓN INICIAL DE ESTUDIO DE DETALLE.-**

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

**/Proposta ditaminada favorablemente en comisión informativa de planificación territorial e xestión administrativa en sesión de data de 24.04.23/:**

“APROBACION INICIAL DA MODIFICACIÓN Nº 2 DO ESTUDO DE DETALLE PARA O DESENVOLVEMENTO DA ZONA TURÍSTICO-HOTELERA DA UNIDADE DE ACTUACIÓN Nº 4 (UA4) DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO.

Visto o Modificado Nº 2 do estudo de detalle para o desenvolvemento da zona turístico-hotelera da unidade de actuación Nº 4 (UA4), presentado por OCEANSONS S.L. e redactado polo arquitecto Santiago González Fernández (COAG Nº.4104).

Vistos informes técnico e xurídico sobre a súa adecuación ao obxecto e funcións previstas na lexislación urbanística de Galicia, e que reúne a documentación a que se refire o [artigo 193](#) do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Vista resolución de Alcaldía 229/2019, de 25 de xuño de 2019 pola que se delega á xunta de goberno local a aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do Planeamento Xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como os instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

Vistos os informes obrantes no expediente; esta Alcaldía en uso das atribucións conferidas pola lexislación vixente **PROPÓN** ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

**PRIMEIRO.** - Aprobar inicialmente o “MODIFICADO Nº 2 DO ESTUDO DE DETALLE PARA O DESENVOLVEMENTO DA ZONA TURÍSTICO-HOTELERA DA UNIDADE DE ACTUACIÓN Nº 4 (UA4)”.

**SEGUNDO.** - Someter o “Modificado Nº 2 do estudo de detalle para o desenvolvemento da zona turístico-hotelera da unidade de actuación Nº 4 (UA4)” a un **período de información pública por un prazo de un mes** desde a publicación do anuncio da aprobación inicial no Diario Oficial de Galicia, e nun dos xornais de maior circulación na provincia.

Durante o período de información pública, poderá examinarse por calquera persoa e formularse as alegacións que procedan.

A tales efectos, queda a disposición dos interesados o expediente administrativo tramitado para que poida ser examinado no Departamento de Urbanismo durante o período de información pública, en horario de atención ao público, de luns a venres, de 09.00 a 14:00 horas.

**TERCEIRO.-** Notificar persoalmente o presente acordo a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados ([art. 80.2](#) da Lei 2/2016 e [art. 194.2](#) do Decreto 143/2016).

A vista do resultado da información pública, o órgano municipal aprobará definitivamente, coas modificacións que resultasen pertinentes.

**CUARTO.** - Acordar a suspensión do outorgamento de licenzas urbanísticas na área afectada polo “MODIFICADO Nº 2 DO ESTUDO DE DETALLE PARA O DESENVOLVEMENTO DA ZONA TURÍSTICO-HOTELERA DA UNIDADE DE ACTUACIÓN Nº 4 (UA4)”, e cuxas novas determinacións supoñen modificación da ordenación urbanística vixente (segundo o [art. 47](#) da Lei 2/2016 e e [art. 86](#) do Decreto 143/2016).

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA DATA DA SINATURA ELECTRÓNICA”.

**Sometido o asunto a VOTACIÓN, resulta – votación ordinaria-:**

**Votos a favor: 8 dos/as concelleiros/as asistentes do Grupo Político PSdeG-PSOE e 1 voto da concelleira do grupo político CENVAL. – 9 VOTOS A FAVOR.**

**2 abstenciones do concelleiro e concelleira do grupo político PP.**

**O grupo municipal de BNG non asistiu á sesión.**

**Por elo, o Concello Pleno acorda aprobar inicialmente o estudio de detalle, conforme á anterior proposta de Alcaldía (Expediente de tramitación 2023/U051/000001.**

## **2º.-APROBACIÓN INICIAL DE RECTIFICACIÓN DE INVENTARIO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS, ANO 2022.-**

PROPOSTA DA ALCALDÍA:

**/Proposta ditaminada favorablemente en comisión informativa de planificación territorial e xestión administrativa en sesión de data de 24.04.23/:**

“Visto o acordo do Pleno en sesión celebrada o 17 de outubro de 2014 no que aprobábase definitivamente o inventario de camiños de titularidade municipal.

Considerando que, con posterioridade a aprobación definitiva do Inventario de Caminos Municipais, como consecuencia tanto da tramitación de expedientes, como da consulta de expedientes antigos e do resultado de visitas de inspección, emitíronse informes que aconsellan determinadas modificacións do citado Inventario.

Vistos os informes obrantes no expediente; esta Alcaldía en uso das atribucións conferidas pola legislación vixente **PROPÓN** ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro. - ESTIMAR** as alegacións presentadas no Inventario de Caminos Municipais polos motivos e xustificacións que se indican en cada caso:

**1.- N° Rectif RECTF\_077\_078-N° de Activo: 1C.6.0139 -Lugar Rectificación: VALDOVIÑO (SANTALLA)- Observacións: QUEDA ACREDITADO O CARÁCTER PRIVADO. PROCÉDESE Á BAIXA DO ACTIVO.**

**2.- N° Rectif RECTF\_079 - N° de Activo Vial Rectificado: 1C.4.0071· Lugar Rectificación: SANTIAGO PANTÍN - Observacións: QUEDA ACREDITADO O CARÁCTER PRIVADO PROCÉDESE A MODIFICAR O TRAZADO.**

**3.- N° Rectif RECTF\_081 - N° de Activo: 1C.6.0181 -Lugar Rectificación: VALDOVIÑO (SANTALLA) - Observacións: QUEDA ACREDITADO O CARÁCTER PRIVADO. PROCÉDESE Á BAIXA DO ACTIVO.**

4.- N° Rectif RECTF\_082- N° de Activo: 1C.6.0133 - Lugar Rectificación: VALDOVIÑO (SANTALLA). – Observacións: QUEDA ACREDITADO O CARÁCTER PRIVADO. PROCÉDESE Á BAIXA DO ACTIVO.

5.- N° Rectif RECTF\_084- N° de Activo: 1C.1.0271 · Lugar Rectificación: (SANTIAGO) LAGO – Observacións: ACREDITADO DOCUMENTALMENTE O CRÁCTER PÚBLICO

**Segundo.** - **DESESTIMAR** as seguintes alegacións presentadas no Inventario de Caminos Municipais polos motivos e xustificacións que se indican en cada caso:

1.-N° Rectif RECTF\_075 -N° de Activo: 1C.1.0132 · Lugar Rectificación: (SANTIAGO) LAGO. – Observacións: NON QUEDA ACREDITADO O CARÁCTER PRIVADO

2.- N° Rectif RECTF\_083 N° de Activo: 1C.3.0139 - Lugar Rectificación: MEIRÁS (SAN VICENTE)- Observacións: NON QUEDA ACREDITADO O CARÁCTER PRIVADO

**Terceiro.** - Proceder a **incoar expediente de investigación** nos seguintes casos:

1.- N° Rectif RECTF\_076- N° de Activo: 1C.4.0011- Lugar Rectificación: SANTIAGO PANTÍN -Observacións: INCOAR EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN.

2.- N° Rectif RECTF\_080- N° de Activo: 1C.6.0150 · Lugar Rectificación: VALDOVIÑO (SANTALLA). - Observacións: INCOAR EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN.

**Cuarto.** -Aprobar a rectificación do Inventario de Caminos Municipais polos motivos e xustificacións que se indican en cada caso.

**Quinto.** -Publicar no BOP e que se notifique o presente acordo aos interesados.

Documento asinado dixitalmente polo Alcalde, na data que consta ao marxe”

**Sometido o asunto a VOTACIÓN, resulta – votación ordinaria:-**

**Votos a favor: 8 dos/as concelleiros/as asistentes do Grupo Político PSdeG-PSOE e 1 voto da concelleira do grupo político CENVAL. – 9 VOTOS A FAVOR.**

**2 abstenciones, do concelleiro e concelleira do grupo político PP.**

**O grupo municipal de BNG non asistiu á sesión.**

**Por elo, o Concello Pleno acorda a proposta de Alcaldía transcrita, que se tramita no expediente referencia: 2023/X999/000057.**

**3º.-APROBACIÓN INICIAL DA RECTIFICACIÓN ANUAL DE INVENTARIO DE BENS MUNICIPAIS, ANO 2022.-**

PROPOSTA DA ALCALDÍA:

**/Proposta ditaminada favorablemente en comisión informativa de planificación territorial e xestión administrativa en sesión de data de 24.04.23/:**

“Visto o acordo do Pleno en sesión celebrada o 15 de xullo de 2016 no que aprobouse definitivamente o Inventario de Bens e Dereitos do Concello de Valdoviño.

Considerando que, con posterioridade a aprobación definitiva do Inventario de Bens e Dereitos do Concello de Valdoviño, como consecuencia de erros detectados e actualizacións na propiedade de bens municipais, emitíronse informes que aconsellan determinadas modificacións do citado Inventario.

Vistos os informes obrantes no expediente; esta Alcaldía en uso das atribucións conferidas pola legislación vixente **PROPÓN** ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

**PRIMEIRO.** Aprobar a rectificación anual do Inventario municipal de Bens e Dereitos do Concello de Valdoviño, nos termos que se resumen a continuación.

<b>EPÍGRAFES</b>	<b>Numero de Bens e dereitos que comprende</b>	<b>Folios</b>	<b>Valoración</b>
<b>1º Inmables</b>			
EPÍGRAFE 1A - FINCAS URBANAS .....	77	1 al 78	5.961.658,70 €
EPÍGRAFE 1B - FINCAS RUSTICAS .....	60	1 al 61	667.576,14 €
EPÍGRAFE 1D - OUTROS BENS .....	29	1 al 29	157.870,00 €
EPÍGRAFE 1E - CESIÓN A VIAIS E COMPRA DE TERREOS A VIAIS			
1E1 - Cesións obrigatorias a viais .....		1 al 0	€
<b>EPÍGRAFE 1F - INFRAESTRUCTURAS</b>			
1F2 - Saneamento .....		1 al 0	€
1F3 - Abastecemento .....		1 al 0	€
1F1 - Alumeado .....		1 al 0	€
<b>2º Dereitos Reais .....</b>	9	1 al 9	349.948,19 €
<b>3º Mobles de Carácter Histórico, Artísticos .....</b>		1 al 0	€
<b>4º Valores mobiliarios Créditos e Dereitos de carácter</b>			

<b>persoal.</b>			
EPÍGRAFE 4A - CREDITOS E DEREITOS		1 al 0	€
.....			
EPÍGRAFE 4B - VALORES MOBILIARIOS		1 al 0	€
.....			
5º Vehículos .....		1 al 0	€
6º Semoventes .....		1 al 0	€
<b>7º Mobles non comprendidos nos anteriores enunciados.</b>			
EPÍGRAFE 7.1 - BENS SIMPLES .....		1 al 0	€
EPÍGRAFE 7.2 - BENS POR CANTIDADE		1 al 0	€
.....			
8º Bens e Dereitos revertibles .....	2	1 al 2	1.055.861,23 €
9º Bens Adscritos .....	2	1 al 2	€
		<b>TOTAIS</b>	<b>8.192.914,26</b>

**SEGUNDO.** Remitir copia íntegra del mismo a la Administración del Estado y de la Comunidad Autónoma.

**TERCEIRO.--** Publica no Boletín Oficial da Provincia.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE POLO ALCALDE NA DATA DA SINATURA ELECTRÓNICA”.

*Sometido o asunto a VOTACIÓN, resulta – votación ordinaria-:*

*Votos a favor: 8 dos/as concelleiros/as asistentes do Grupo Político PSdeG-PSOE; 1 voto da concelleira do grupo político CENVAL e 2 do concelleiro e concelleira do grupo político PP.- 11 VOTOS A FAVOR.*

*O grupo municipal de BNG non asistiu á sesión.*

**Por elo, o Concello Pleno acorda a proposta de Alcaldía transcrita, que se tramita no expediente referencia: 2023/X999/000058.**

**4º.- APROBACIÓN PROVISIONAL DE ORDENANZA MUNICIPAL PARA AS INSTALACIÓNS TEMPORAIS OU SERVIZOS DE TEMPADA E INSTALACIÓNS PROVISIONAIS EN XERAL, REGULADAS NO ARTIGO 89 DA LEI 2/2016 DO 10 DE FEBREIRO.-**

**Proposta de Alcaldía, ditaminada favorablemente pola comisión informativa de planificación territorial e xestión administrativa en sesión de 24.04.23:**

**“Expediente: 2023/G013/000001**

## **Aprobación inicial de ordenanza municipal para as instalacións temporais ou servizos de tempada e instalacións provisionais en xeral reguladas no art. 89 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.**

Vista a tramitación do expediente mencionado, do que constan os seguintes antecedentes:

- Providencia de Alcaldía xustificando a necesidade de aprobar unha ordenanza municipal que regule as instalacións e servizos mencionados,
- Borrador da ordenanza reguladora.
- Informe de secretaría sobre procedemento a seguir e lexislación aplicable.

De conformidade co disposto nos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e outra normativa na materia,

CONSIDERANDO que o expediente seguiu a tramitación establecida da lexislación que lle é aplicable procede a súa aprobación polo Pleno **previo ditame** da comisión informativa pertinente, polo que esta Alcaldía **PROPÓN** ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** Aprobar provisionalmente a Ordenanza municipal reguladora das instalacións temporais ou servizos de tempada e instalacións provisionais en xeral, reguladas no artigo 89 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

**Segundo.-** Dar ao expte a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no Taboleiro de anuncios do Concello, e anuncio no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo mínimo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións e suxestións que consideren. Tamén será exposta no portal web do Concello.

**Terceiro.-** Concluído o período de información pública, si se presentaren reclamacións e/ou suxestións, deberán resolverse polo Pleno, incorporando, se procedese, ao Texto da Ordenanza as modificacións derivadas da resolución das alegacións.

**Cuarto.-** De non presentarse reclamacións no período de información pública entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación ata entón provisional, previa certificación da secretaría municipal; publicando o texto íntegro da mesma para xeral coñecemento e a súa entrada en vigor.

Non obstante, o pleno resolverá o que estime máis convinte.

**Documento asinado na marxe polo sr. Alcalde”.**

ANEXO: TEXTO ORDENANZA

**ORDENANZA PARA AS INSTALACIÓNS TEMPORAIS OU SERVIZOS DE TEMPADA E INSTALACIÓNS PROVISIONAIS EN XERAL REGULADAS NO ART. 89 DA LEI 2/2016, DO 10 DE FEBREIRO, DO SOLO DE GALICIA.**

**PREÁMBULO**

Dentro da aposta do Concello pola garantía da efectividade e a posta a disposición de todos os recursos municipais posibles para a mellora e o impulso da actividade económica e modernización, redáctase a presente ordenanza, cuxos obxectivos principais son o establecemento dos criterios urbanísticos básicos actividades contempladas, condicións

estéticas e requisitos xerais de aplicación para as instalacións provisionais situadas dentro do termo municipal de Valdoviño, propios da tempada de verán e para **outros** usos e obras provisionais segundo se establece no artigo 89 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).

Esta ordenanza adaptase ó marco xurídico definido pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e, como lexislación en materia de controis urbanísticos de uso do solo e da edificación, axústase aos aspectos recollidos na Lei 2/2016 do solo de Galicia e no seu regulamento aprobado polo Decreto 143/2017, de 22 de setembro, así como ao establecido nas Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal do Concello de Valdoviño e as distintas normas sectoriais que lle son de aplicación.

## TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación

1. Establecer os criterios urbanísticos básicos, actividades contempladas, condicións estéticas e requisitos xerais de aplicación para as instalacións provisionais situadas dentro do termo municipal de Valdoviño, propios da tempada de verán e para **outros** usos e obras provisionais segundo se establece no artigo 89 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).

2. Unicamente quedan excluídas desta ordenanza as instalacións temporais situadas na servidume de protección do Dominio Público Marítimo Terrestre (DPMT) e no propio DPMT. Salvo o relacionado co horario de funcionamento.

### Artigo 2.- Definición e tipos de instalacións

1. Considéranse usos temporais ou servizos de tempada aqueles que, non estando prohibidos por esta ordenanza, nas Normas Subsidiarias do Concello de Valdoviño (NNSPP) ou na LSG, establécense de maneira temporal, non requiren obras ou instalacións permanentes e non dificultan a execución do plan.

2. As instalacións de tempada de verán comprenden tanto as instalacións de tempada tales como **quioscos expendedores de comida e bebida**, con ou sen mesas e cadeiras (incluídos as instalacións tipo "food-truck"), como **instalacións destinadas ao alugueiro** de hidropedais, kaiaks, tumbonas, bicicletas, táboas de surf, etc., así como as instalacións destinadas á prestación de servizos de formación e **ensino das modalidades deportivas de surf**, bodyboard, longboard, pádel surf, ou outras análogas.

3. Os usos e obras provisionais contemplados no artigo 89 da LSG, son aqueles que se pretenden realizar en solo urbano non consolidado, solo urbanizable e terreos afectados a sistemas xerais en tanto non se inicie o procedemento de xestión correspondente, sempre que non estean expresamente prohibidos polo planeamento xeral nin pola lexislación sectorial. As obras executadas para usos provisionais deberán ser as mínimas imprescindibles para permitir unhas instalacións facilmente desmontables. Non se admiten como usos provisionais os residencias nin os industriais.

4. Consideraranse instalacións non permanentes aquelas que:

a. Sexan facilmente desmontables e que non precisen da alteración da súa contorna (corte de árbores, modificación de beirarrúas, valos e instalacións urbanas, movemento de terras...) para a súa instalación.

b. Precisen como máximo obras puntuais de cimentación, que, en todo caso, non sobresaíran do terreo e sexan retirables.

c. Estean constituídas por elementos de serie prefabricados, módulos, paneis ou similares, sen elaboración de materiais en obra nin emprego de soldaduras.



d. Móntense e desmóntense mediante procesos secuenciais, podendo realizarse o seu levantamento sen demolición e sendo o conxunto dos seus elementos facilmente transportable, sen necesidade de maquinaria pesada.

e. Unha vez desmontada a instalación, a contorna poida restaurarse facilmente ata retornar ao seu estado previo.

f. Non teñan vocación de permanencia e polo tanto os seus usos deberán atender a esta natureza, ligados ao desenvolvemento de actividades de tempada, provisionais ou outras circunstancias análogas.

### **Artigo 3.- Normativa aplicable**

1. As instalacións de tempada poderanse situar en calquera tipo de solo, respectando os condicionantes fixados no réxime urbanístico de aplicación, relativos a usos permitidos, alturas (non podendo superar en todo caso as dúas plantas e os 6,00 m de altura entre a rasante natural do terreo e o beirado da cuberta ou parte superior), separacións a lindeiros, ocupación, edificabilidade e condicións construtivas.

Os mesmos condicionantes serán aplicables aos usos e obras provisionais contemplados no artigo 89 da LSG.

2. As instalacións reguladas no artigo anterior quedarán suxeitas, ademais, á normativa sobre espectáculos públicos e actividades recreativas, de protección do patrimonio, accesibilidade e supresión de barreiras, de protección do medio ambiente, así como calquera outra normativa sectorial que resulte de aplicación, polo que as súas determinacións serán plenamente esixibles aínda cando non se faga expresa referencia a elas nesta Ordenanza. Deberán contar coas autorizacións sectoriais preceptivas, de selo caso.

3. Serán causa de caducidade, parcial ou total, da autorización urbanística os seguintes casos:

A alteración dos usos autorizados

O aumento da ocupación en máis dun 10 por 100

O almacenamento exterior de materiais, depósitos ou residuos.

A instalación de conducións aéreas

Evacuar ou verter augas residuais e residuos sólidos

4. Se a instalación vai dispoñer de terraza esta rexerese pola ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas en dominio público e espazos privados de uso público vinculados a explotacións comerciais e da hostalería do Concello de Valdovíño.

### **Artigo 4.- Título habilitante**

O título habilitante será o de comunicación previa no caso de instalacións de tempada (salvo que as instalacións ocupen terreos de dominio público onde deberán solicitar a preceptiva autorización ou licenza) e de licenza no caso de usos e obras provisionais.

## **TÍTULO II.- CONDICIÓNS DA INSTALACIÓN**

### **CAPÍTULO I.- Condicións xerais**

#### **Artigo 5.- Condicionantes formais e estéticos**

1. As instalacións de tempada e as provisionais deberán cumprir cos seguintes condicionantes estéticos:

a. Todas as instalacións que se monten deberán ser de material indeformable a curto prazo e debidamente resistentes. Prohíbese a utilización de materiais de desperdicios. Empregaranse

materiais modulares e homoxéneos, sendo o seu aspecto exterior agradable e estético, e **ter as condicións de solidez e seguridade acordes ao uso ao que se destinen.**

b. As pinturas exteriores serán de boa calidade e cumprarán co indicado na Guía de Cor e Materiais de Galicia, editado pola Xunta de Galicia (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda).

c. Todas as instalacións deberán ter as condicións de limpeza e decoro debidas.

d. En calquera caso, a tipoloxía das instalacións deberá harmonizar coa contorna, con materiais adecuados e de calidade, aspecto estético e bo estado de conservación.

e. Non se permitirá **en ningún** caso, a construción de obras de fábrica ou outras obras fixas. **As instalacións de tempada e provisionais irán apoiadas e suxeitas ao terreo sen ningún tipo de cimentación.**

f. Prohibirase a publicidade exterior.

g. Todas as conducións de servizo ás instalacións desmontables, deberán ser con carácter xeral, soterradas e provisionais. O sistema de saneamento garantirá unha eficaz eliminación das augas residuais, así como a ausencia de malos cheiros. Con este obxecto, as instalacións deberán conectarse á rede de saneamento xeral, se esta existe, quedando en todo caso prohibidos os sistemas de drenaxe ou absorción que poidan afectar o terreo da parcela ou area da praia, así como á calidade da auga de cursos próximos. **No caso de non existir rede de sumidoiros municipal, as augas residuais procedentes das instalacións deberanse conducir a un depósito estanco e soterrado, que será baleirado periodicamente por parte dunha empresa legalmente habilitada.**

h. Cando se empreguen contedores ou outras estruturas prefabricadas similares, estas non poderán manter o seu acabado metálico, debendo recubrirse na súa totalidade con paneis de madeira ou similar, **de tal maneira que se cumpran as condicións fixadas no apartado d) anterior.**

i. As cores dos materiais empregados cumprarán co indicado na Guía de Cor e Materiais de Galicia, editado pola Xunta de Galicia (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda)

**2.** As instalacións destinadas á venda de comida e bebida deberán respectar unha distancia mínima a outras instalacións (fixas ou desmontables) de 100 metros. A superficie máxima ocupable será de 70,00 m<sup>2</sup>, dos cales 20,00 m<sup>2</sup> poden ser pechados. Non computarán ocupación, para os efectos sinalados neste artigo, a instalación temporal de aseos químicos.

**3.** No caso de instalacións de tempada (incluídas as tipo food-truck) que se instalen fora do ámbito do litoral, a distancia mínima a gardar con respecto a calquera establecemento permanente do municipio destinado á venda do mesmo xénero será de 500 metros.

Enténdese que unha instalación se sitúa fora do ámbito do litoral se se atopa fora dos 500 m medidos dende a liña do deslinde do DPMT.

**4.** No caso de instalacións provisionais contempladas no artigo 89 da LSG que se instalen en solo urbano non consolidado ou unidades de actuación fixadas nas NNSSPP, tamén deberán respectar unha distancia mínima a outras instalacións de 100,00 m.

#### **Artigo 6.- Temporalidade e horario:**

**1.** En xeral, a tempada queda fixada entre o 1 de maio e o 31 de outubro de cada ano natural. Dado o carácter temporal e desmontable dos servizos de tempada, estes deberán desmontarse e retirarse no prazo de 15 días desde o remate da tempada.

**2.** Sen prexuízo do sinalado no número anterior, poderá solicitarse autorización para este tipo de instalacións durante o período de Semana Santa. Nese caso non resultará preceptiva a retirada

das instalacións ata a finalización do período estival, nos termos sinalados no número 1 deste artigo. Porén, o funcionamento das instalacións deberá limitarse, exclusivamente, aos períodos autorizados.

No caso de instalacións destinadas a un uso continuado e non temporal, non será de aplicación a presente ordenanza, debendo cumprir con toda a normativa urbanística e sectorial aplicable.

**3.** O horario de funcionamento establécese de 8:00 ata as 23:30, salvo venres, sábados e vésperas de festivo que se poderá prolongar ata as 24:00 o horario de peche.

**4.** No caso de instalacións vinculadas a servizos de formación e ensinanza de surf e similares o período de funcionamento será entre o 1 de febreiro e o 31 de decembro e sempre adaptado ao sinalado anualmente nas Bases da Demarcación de Costas de Galicia regulador dos servizos de formación e ensinanza de surf e similares.vera

**5.** No caso de instalacións contempladas no artigo 89 da LSG cuxo funcionamento non estea vinculado á temporalidade, o período de funcionamento será de 1 ano como máximo, podendo prorrogarse o período polo mesmo tempo do inicialmente outorgado.

### **Artigo 7.- Prohibicións e limitacións**

**1.** Queda estritamente prohibida a celebración de espectáculos ou actuacións musicais sen autorización municipal expresa.

**2.** Prohíbese o almacenamento de calquera tipo de material na superficie exterior da parcela na que se sitúe a instalación.

### **Artigo 8.- Documentación**

**1.** As persoas interesadas deberán achegar, coa comunicación previa ou solicitude de licenza , a seguinte documentación:

a. Referencia catastral da parcela obxecto da obra, instalación ou actividade solicitada.

b. Copia do DNI ou CIF do solicitante e acreditación da súa condición de actuar en nome de outra persoa física ou xurídica, de selo caso.

c. Documentación acreditativa da propiedade ou dispoñibilidade dos terreos, mediante calquera medio de proba admisible en dereito.

e. Fotografía, infografía, catálogo, no seu caso das características dos quioscos, mesas e cadeiras que se pretendan utilizar.

f. Xustificante de pagamento da taxa correspondente.

g. Copia da póliza en vigor do seguro de responsabilidade civil xeral. Dita póliza debe cubrir os riscos que puideran ocasionarse pola instalación, desmontaxe e actividade.

h. Proposta da zona a ocupar, distinguindo a superficie pechada como a de cadeiras e mesas no exterior no caso de quioscos.

**2.** Para o caso de obras maiores, deberá achegarse, ademais da sinalada no número 1 anterior, a seguinte documentación:

a. Proxecto básico das obras ou instalacións, subscrito por persoal técnico competente.

b. Memoria xustificativa e descritiva con anexos, se é o caso, que deberá recoller as características da instalación e outros datos relevantes, tales como criterios básicos do proxecto,

programa de execución dos traballos e, de ser o caso, o sistema de evacuación de augas residuais.

c. Planos de situación a escala adecuada.

d. Plano topográfico do estado actual, a escala non inferior a 1/1.000.

e. Planos de alzados e seccións características.

**3.** Para o caso de obras menores, deberá achegarse, ademais da sinalada no número 1 deste artigo, a seguinte documentación:

a. Memoria explicativa das obras, con expresión das súas características, uso previsto e o seu orzamento detallado por partidas.

b. Planos de definición, incluíndo alzados e sección características e plano coa situación dos servizos de abastecemento de auga, electricidade e saneamento.

**4.** No caso de instalacións tipo “food truck” deberá achegarse, ademais da sinalada no número 1 deste artigo, a seguinte documentación:

a. Permiso de circulación e da tarxeta de inspección técnica actualizada e estar ao día no pagamento do seguro obrigatorio de vehículos a motor.

b. Documentación acreditativa de que o vehículo reúne as condicións de hixiene e sanidade esixible.

c. Certificado do correcto funcionamento das máquinas e da solidez e seguridade das instalacións que se utilicen.

### **TITULO III.- RÉXIME XURÍDICO**

#### **Artigo 9.- Competencia e Réxime xurídico.**

A presente ordenanza dítase en exercicio das competencias atribuídas ao municipio pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases de Réxime Local. Adáptase ao marco xurídico definido pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e, como lexislación en materia de controis urbanísticos de uso do solo e da edificación, axústase aos aspectos recollidos na Lei 2/2016 do solo de Galicia e no seu regulamento aprobado polo Decreto 143/2017, así como ao establecido nas Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal do Concello de Valdoviño e as distintas normas sectoriais que lle son de aplicación.

### **TÍTULO IV.- RÉXIME DE INSPECCIÓN E PROCEDEMENTO SANCIONADOR**

#### **Artigo 10.- Inspección e réxime de actuacións**

1. A inspección e control para verificar o cumprimento da presente Ordenanza, corresponde aos funcionarios técnicos do servizo municipal ao que corresponde a competencia de autorización na materia e á Policía Local. Con todo, por Resolución do Alcalde ou por aquelas persoas que dispoñan da preceptiva delegación de funcións, poderá tamén acreditarse a funcionarios de calquera outro servizo técnico municipal que poida resultar afectado polas autorizacións reguladas na presente ordenanza, para o exercicio da función de inspección regulada neste artigo.
2. Cando se detecte a existencia de instalacións que non contén coa preceptiva autorización administrativa, ou incumpran o disposto na mesma procederá incoar

procedemento sancionador, en cuxa resolución se lle esixirá a reposición ao seu estado orixinario da situación alterada, imponse ao infractor a sanción que proceda e a indemnización no seu caso, polos danos e prexuízos causados.

3. Cando contando a instalación coa preceptiva autorización administrativa, detéctese un incumprimento das súas condicións ou das reguladas na presente Ordenanza, de carácter leve e que non comporte un prexuízo grave aos intereses xerais, realizarase a advertencia e requirimento de corrección por escrito. O incumprimento do requirido no prazo outorgado para o efecto, ou a reincidencia no incumprimento detectado, supoñerá directamente a apertura do expediente sancionador polos devanditos actos.

#### **Artigo 11.- Réxime sancionador**

O incumprimento das disposicións da presente Ordenanza poderá dar lugar á comisión dalgunha ou varias das infraccións que se recollen na mesma, nese caso tramitarase expediente sancionador para depurar a responsabilidade administrativa en que poida incorrerse.

#### **Artigo 12.- Suxeitos responsables**

Serán responsables das infraccións as persoas físicas ou xurídicas titulares das instalacións.

#### **Artigo 13.- Procedemento sancionador**

1. A imposición das sancións previstas na presente Ordenanza, requirirá a previa incoación e instrución do procedemento correspondente, o cal se substanciará conforme o disposto na lexislación xeral sobre o procedemento administrativo común e o seu regulamento de desenvolvemento.
2. A tramitación do pertinente procedemento sancionador levará a cabo polo Servizo que ostenta a competencia de autorización na materia.
3. Durante a tramitación dos expedientes sancionadores, poderán adoptarse medidas cautelares, co contido e efectos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
4. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de seis meses.

#### **Artigo 14.- Órgano competente**

1.- A incoación e resolución dos procedementos sancionadores corresponderá ao órgano municipal competente para conceder a correspondente autorización.

#### **Artigo 15.- Medidas cautelares**

Cando a instalación impida ou dificulte notablemente o uso común xeneral, perturbe ou supoña perigo de perturbación da seguridade e tranquilidade pública, ou supoña calquera outro grave prexuízo aos intereses xerais, iniciado o correspondente procedemento sancionador, poderá acordarse a adopción de medidas cautelares, tales como entre outras a retirada das instalacións ilegais, a suspensión da autorización administrativa para colocación da instalación.

O Concello poderá adoptar as medidas cautelares que fosen necesarias para garantir o cumprimento da presente Ordenanza e as esixencias dos intereses xerais, entre outros nos seguintes supostos:

- Instalación sen autorización municipal.
- Ocupación de maior superficie da autorizada.
- Cando requirido o titular ou representante para a recollida ou retirada da instalación incúmprase o ordenando pola autoridade municipal ou os seus axentes.

#### **Artigo 16.- Cumprimento das medidas cautelares e das resolucións ditadas.**

1. As medidas cautelares adoptadas, e as ordes de restablecemento da legalidade ditadas nos expedientes sancionadores tramitados serán inmediatamente executivas conforme ao disposto na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e deberán cumprirse nos prazos establecidos, ou na súa falta no prazo de dez días.

2. O incumprimento polo interesado das ordes contidas nas medidas cautelares adoptadas ou nas resolucións ditadas para o efecto, conllevará a utilización administrativa dos medios de execución forzosa previstos nos artigos 95 e seguintes da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, sen prexuízo do exercicio das accións de recuperación de oficio, e demais prerrogativas municipais que respecto do dominio público ostenta a Administración.

#### **Artigo 17.- Almacenaxe de elementos retirados.**

Os elementos retirados subsidiariamente pola Administración Municipal, serán trasladados aos almacéns habilitados para tal efecto polo Concello, nos que permanecerán por espazo dun mes ao dispor dos seus titulares, que, con carácter previo á súa recollida deberán facer efectivo o importe do custo da execución subsidiaria e a posible sanción. De non procederse polos seus titulares a dita recollida no prazo disposto, terán a consideración de residuos urbanos e quedarán ao dispor da Administración Municipal.

#### **Artigo 18.- Infraccións.**

Constitúen infraccións as accións e omisións que contraveñan a normativa contida nesta Ordenanza, así como as concretas condicións a que se suxeiten as correspondentes autorizacións.

Para os efectos do establecido no apartado anterior, terá a consideración de acto independente sancionable cada actuación separada no tempo ou no espazo que resulte contraria ao disposto nesta Ordenanza.

#### **Artigo 19.-Clasificación das infraccións.**

As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

1. Son infraccións leves:
  - a. A ocupación de maior superficie da autorizada cando este exceso non supere o 20 %.
  - b. A colocación ou emprazamento da instalación en disposición diferente da autorizada.
  - c. A instalación de elementos de mobiliario ou auxiliares non previstos na autorización e/ou en número maior dos autorizados, sempre que non se supere a superficie de ocupación autorizada.
  - d. O incumprimento de horario de inicio ou de peche en menos de 1 hora.
  - e. A produción de rúidos durante os labores de montaxe e desmonte da instalación.
  - f. Calquera outra acción ou omisión contraria ás disposicións desta ordenanza non expresamente tipificadas como grave ou moi grave.
2. Son infraccións graves:
  - a. A instalación carecendo da preceptiva autorización municipal cando sexa posible a súa legalización.
  - b. A instalación de elementos de mobiliario ou auxiliares non previstos na autorización e/ou en número maior dos autorizados, superando a superficie autorizada.
  - c. A ocupación de maior superficie da autorizada en máis dun 20 % e en menos do 50 %.
  - d. O incumprimento de horario de inicio ou de peche en máis de 1 hora.
  - e. A deterioración grave dos equipamentos, infraestruturas, instalacións ou espazo de uso público que se produza como consecuencia do funcionamento da instalación.
  - f. A produción de molestias acreditadas aos veciños ou transeúntes, derivadas do funcionamento da instalación, por incumprimento das condicións establecidas.
  - g. A instalación de suxeicións ou ancoraxes non autorizadas.
  - h. A non exhibición da documentación a que se refire o art. xx aos axentes da autoridade ou servizos técnicos competentes que o requiran.
  - i. A negativa ou obstaculización ao labor inspector ou desobediencia aos lexítimos requirimentos da Policía Local.
3. Son infraccións moi graves:
  - a. A instalación carecendo da preceptiva autorización municipal, cando a mesma non resulte legalizable.
  - b. A ocupación dunha superficie maior á autorizada en máis do 50 %.
  - c. O incumprimento de horario de inicio ou de peche en máis de 1 hora, cando disto derive unha perturbación da convivencia que afecte de maneira grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas.

- d. A produción de molestias acreditadas e graves aos veciños ou transeúntes derivadas do funcionamento da instalación por incumprimento reiterado e grave das condicións establecidas.
- e. A desobediencia reiterada aos lexítimos requirimentos da Policía Local.
- f. A carencia de seguro de responsabilidade civil a que se refire o art. xx)
- g. O incumprimento das condicións técnicas de instalación ou outras condicións específicas que se contemplaron no documento da autorización.
- h. O incumprimento da orde de suspensión ou retirada inmediata da instalación, cando diso derívese: unha perturbación relevante da convivencia que afecte de maneira grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas, ou dificulte o uso ou funcionamento de servizos públicos ou de interese xeral ou supoña unha deterioración grave de equipamentos, infraestruturas, instalacións ou espazo de uso público.
- i. A ocultación, manipulación ou falsificación dos datos ou da documentación presentada para a obtención da correspondente autorización.
- j. Non desmontar as instalacións, unha vez terminado o período de vixencia da autorización ou cando fose requirido pola autoridade municipal.

### **Artigo 20.- Sancións.**

1. As citadas infraccións serán sancionadas da seguinte forma:
  - a. As infraccións leves con multa de 1000 ata 1.500 euros.
  - b. As infraccións graves con multa de 1.501 euros ata 2.000 euros.
  - c. As infraccións moi graves con multa de 2.001 ata 5.000 euros
2. A comisión de infraccións graves e moi graves poderán levar aparellada como accesoria a imposición da sanción de revogación da autorización municipal, e a comisión de infraccións moi graves tamén a de inhabilitación para a obtención de futuras autorizacións reguladas por esta Ordenanza, durante o prazo máximo dun ano.

O establecido no parágrafo anterior aplicarase en atención á transcendencia social do feito e demais circunstancias que concorran, especialmente cando se produza unha perturbación importante da normal convivencia que afecte de modo grave, inmediato e directo á tranquilidade, ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas, ao normal desenvolvemento de actividades de toda clase conforme á normativa que resulte de aplicación.
3. A sanción é independente e compatible coa legalización da instalación, se proceder, así como coa liquidación da taxa pola ocupación non autorizada e recargas que procedan no seu caso.

### **Artigo 21.- Circunstancias modificativas da responsabilidade.**

Para a modulación das sancións terase en conta a existencia de intencionalidade ou reiteración na conduta infractora, natureza dos prexuízos causados, reincidencia na comisión da infracción e beneficio obtido coa mesma. Considérase que existe reincidencia do infractor, cando este cometa unha nova infracción da mesma natureza, sen que transcorrese dous anos desde a comisión da anterior declarada mediante resolución firme. Terá a consideración de circunstancia atenuante da responsabilidade, a adopción espontánea, por parte do autor da infracción, de medidas correctoras con anterioridade á incoación do expediente sancionador.

### **Artigo 22.-Prescripción.**

As infraccións leves prescriben aos seis meses, as graves aos dous anos e as moi graves aos tres anos.

As sancións impostas por infraccións leves prescriben ao ano; as sancións por infraccións graves, aos dous anos e as sancións por infraccións moi graves prescriben aos tres anos.

O cómputo do prazo de prescripción e a súa interrupción realizarase conforme ao establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

### **Artigo 23.- Reposición da legalidade. Compatibilidade.**

As responsabilidades administrativas que resulten do procedemento sancionador serán compatibles coa esixencia ao infractor da reposición da situación alterada ao seu estado orixinario, así como á indemnización polos danos e prexuízos causados.

Sen prexuízo do exercicio da potestade sancionadora e doutras potestades recoñecidas polo Ordenamento Xurídico, o incumprimento dos preceptos desta Ordenanza poderá dar lugar á adopción das medidas que resulten procedentes a fin de restablecer a legalidade infrinxida. Nos

supostos en que o Concello comprobe que a instalación non conta coa preceptiva autorización para iso, ou acorde ao revogación ou suspensión da autorización por calquera das causas previstas nesta Ordenanza, requirirase ao titular para que proceda á retirada dos elementos da instalación no prazo de dez días hábiles, con apercibimento de que, caso de non cumprimentar o ordenado, procederase á execución forzosa, mediante execución subsidiaria á conta do obrigado.

#### **Artículo 24.-Reclamación das taxas.**

Cando polos servizos de inspección detéctese a existencia das instalacións reguladas na presente Ordenanza, sen autorización administrativa ou incumprindo o disposto na mesma, con independencia da imposición de sancións que procedan e da adopción das medidas de restitución da legalidade que resulten pertinentes, procederase á liquidación e esixencia de pago das taxas pendentes de abono ou da diferenza entre o importe abonado e o procedente en función da utilización real do espazo efectuada correspondente ao período en que se produciu o aproveitamento.

O anterior de acordo co establecido nesta ordenanza, na ordenanza fiscal municipal, así como na lexislación de facendas locais e demais lexislación tributaria que resulte de aplicación, e todo iso sen prexuízo das sancións tributarias que resulten procedentes.

**O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión (11 membros dos 13 que compoñen a Corporación) acordou aprobar a proposta de Alcaldía que antecede e o texto da ordenanza.**

Rematados os asuntos da Orde do Día, o Sr. Alcalde- Presidente, da por rematada e levanta a sesión sendo ás once horas e corenta minutos deste día, do que como Secretaria, estendo a presente Acta e CERTIFICO.

*/Documento datado e asinado electrónicamente pola secretaria municipal e polo sr. Alcalde na marxe esquerda/*